

PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN URXENTE, Á OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE “ACCESO ÓS NÚCLEOS DE DORNA E RAMAL, VILA DE ABAIXO E OUTROS”, CON CARGO Ó PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN 2009.

I.- OBXETO DO CONTRATO.

1. O obxecto do contrato é a execución, con cargo ó Plan Provincial de Cooperación 2009, da obra denominada “Acceso ós núcleos de Dorna e ramal, Vila de Abaixo e outros”, según proxecto redactado por D. Manuel Vázquez, Enxeñeiro Técnico.

2. A memoria, os planos, as prescricións técnicas e o cadro de precios do Proxecto ten carácter contractual, sen perxucio da prevalencia das cláusulas deste Prego sobre as prescricións técnicas do Proxecto en caso de diverxencia entre ambas en aspectos xurídicos ou económicos da contratación.

Asimesmo, considéranse documentos contractuais a oferta do licitador que resulte adxudicatario, así como o programa de traballo proposto polo adxudicatario.

II.- RÉXIME XURÍDICO.

1. O presente contrato ten natureza administrativa a todos os efectos, coa consideración de contrato de obra, e rexeráse polas presentes cláusulas e, para o non previsto nelas, polo disposto na Lei 30/07, de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, que regula este tipo de contratos.

2. Será aplicable, en todo caso, o disposto nas bases aprobadas pola Deputación Provincial reguladora do Plan Provincial de Cooperación 2009.

3. Asimismo, rexeráse pola lexislación vixente en materia de contratación administrativa local, establecida na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, R.D.L. 781/86, de 18 de abril, (Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local); e polo R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, (Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas), en canto non contradiga á Lei 30/2007, e o Prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado, aprobado por Decreto 3854/1970 de 31 de decembro, mentres non contradita á Lei e o Regulamento, e demais disposicións aplicables. Supletoriamente, aplicaránse as restantes normas de Dereito Administrativo e, no seu defecto, as normas do Dereito Privado.

4. Corresponderá ó órgano administrativo de contratación, previo informe xurídico, resolver as cuestións litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato. Os acordos do órgano de contratación porán fin á vía administrativa, e contra os mesmos poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ó disposto pola Lei reguladora de dita Xurisdicción.

III.- FINANCIACIÓN.

O presente contrato tramítase ó abeiro do Plan Provincial de Cooperación 2009 nun importe total de 95.450,23 €, co seguinte detalle de aportación por parte dos distintos entes financiadores:

40 % Ministerio de Administracións Públicas. 38.180,09 €

30% Deputación: 28.635,07 €

30 % Concello: 28.635,07 €

Consta confirmación dos fondos do Plan provincial de data 13.04.2009 (R.E. municipal nº 1469 de 20.04.2009), e certificado de existencia do total do crédito necesario asinado pola Intervención en data 06.07.2009.

IV.- PRESUPUESTO DE LICITACIÓN.

1. O valor estimado e o IVA do contrato, equivalente ó importe do presuposto de execución por contrata consignado nos proxectos, detállase como sigue:

Valor estimado: 82.284,68 €

16 % I.V.A.:13.165,55 €

2. As proposicións poderán mellorar á baixa o valor estimado do contrato, sendo nula toda fórmula de tanteo, retracto ou mellora da proposición que permita a calquera licitador alterar as circunstancias da súa oferta unha vez coñecidas as dos demais concorrentes. En ningún caso efectuaráse a adjudicación por importe superior ó valor estimado do contrato.

3.No precio ofertado incluírse o importe do Imposto sobre o Valor Engadido **que deberá aparecer desglosado na oferta en partida independente como figura no ANEXO ó presente prego**, e todos os gastos de redacción e visado dos proxectos, boletíns e instalacións que teñan que presentar nos organismos competentes a efectos de obter alta e permiso de funcionamento das mesmas que, caso de ser necesarios, deberá realizar o contratista; os enganches a redes e servizos; as acometidas provisionais e definitivas; e, en xeral, todo o necesario para o funcionamento adecuado e legalizado das instalacións, aínda cando deban rexistrarse a nome do Concello de Cotobade.

V.- FORMA DE PAGO.

1.- O pago das obras efectuaráse mediante certificacións mensuais ordinarias, expedidas e informadas polos Servizos Técnicos Municipales e aprobadas polo Órgano competente, de acordo co previsto no Art. 215 da LCSP 30/2007.

2.- O abono do precio de ditas certificacións realizaráse dentro dos sesenta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

Os contratistas, á súa vez deberán abonar ós subcontratistas si é o caso, o precio pactado no prazo máximo de sesenta días naturais, computados desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou suministrador.

3.- Mentres non estén presentadas as certificacións de obra e as facturas nas condicións anteriores, non dará comezo o período que da dereito ó cobro de intereses de demora, transcorrido o prazo sinalado no artigo 200 da LCSP 30/2007, de 30 de outubro.

VI.- GARANTÍA.

1. Para tomar parte na licitación non se esixe garantía provisional.

2. A garantía definitiva, a constituir polo adxudicatario como requisito para elevar a definitiva a adxudicación provisional, será de un importe equivalente ó cinco por cen do importe da adxudicación, excluído o I.V.E. Dita garantía responderá dos conceptos referidos no art. 88 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público.

3. As garantías poderán facerse efectivas en calquera das formas previstas nos puntos a), b) ou c) do art. 84.1 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, cos requisitos dos arts. 55 e seguintes do R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, que aproba o R.G.L.C.A.P. e depositarase na Caixa da Corporación.

4.- Para os supostos da reposición e reaxustes de garantías, estarase ó disposto no art. 87. 2 e 3 da Lei 30/2007.

VII.- PRAZOS DE EXECUCIÓN E GARANTÍA.

1. O prazo de execución do contrato será de 4 meses a contar desde a data de inicio da execución da obra que necesariamente terá lugar ó día seguinte da sinatura da acta de comprobación do replanteo que, á súa vez, asinarase necesariamente no prazo de 5 días contados desde a formalización do contrato de obra. (212 da Lei 30/07).

A acta de comprobación de replanteo suscribirase polo Director da obra, polo contratista e polo Técnico que ó efecto designe a Administración.

2. A acta de comprobación do replanteo reflexará, no seu caso, a conformidade do contratista respecto dos documentos contractuais do proxecto, sen perxucio das restantes especificacións legalmente esixidas para dito documento e, no caso de disconformidade, calquera extremo que puidera afectar ó cumprimento exacto do contrato.

3. En cumprimento do disposto nas bases reguladoras do PPC 2009, o contratista queda obrigado ó cumprimento dos prazos de execución da obra, sen perxucio de que poida concederse unha prórroga do prazo.

4. Dentro do mes seguinte á notificación escrita do contratista de que as obras están terminadas, se procederá á recepción das mesmas con arreglo ó disposto no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público 30/2007, de 30 de outubro, comenzando a correr, en caso de conformidade na recepción, o prazo de garantía.

O prazo mínimo de garantía queda fixado nun ano (sen perxucio do que puidera resultar da oferta do contratista adxudicatario)

A tal efecto, dentro do prazo de quince días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. De ser favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 219 da LCSP 30/2007, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato, e no seu caso, ó pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fora favorable e os

defectos observados deriven de deficiencias da execución da obra e non do uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedendo un prazo para elo durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha nin ampliación do prazo de garantía.

VIII.- DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS.

A dirección, control e vixilancia da obra corresponde ó Director e Inspector Facultativo das obras, designados polo órgano de contratación.

IX.- EXECUCIÓN DA OBRA.

1. Cando do resultado da comprobación do replanteo resulte a viabilidade do proxecto, a xuício do facultativo Director da obra e sen reservas por parte do contratista, autorizaráse o inicio da obras. O adxudicatario queda notificado de tal autorización polo feito de suscribi-la correspondente Acta.

2. As obras executaránse según o previsto nos documentos contractuais do proxecto e as instrucións do Director Facultativo das obras, que serán de obrigado cumprimento para o contratista, sexan verbais ou escritas.

Cando as instrucións foran de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

3. Durante a execución das obras o contratista disporá dun equipo para a reparación das posibles averías. En todo caso, deberá dispoñer tamén de vertedeiros para os produtos de desfeito a conta do mesmo.

4. O Concello reservase a facultade de inspeccionar e vixilar o curso das obras a través dos seus Técnicos.

5. A cesión do contrato e a celebración de subcontratos da presente obra procederán unicamente cos requisitos e nas condicións establecidas nos artigos 209 e 210 da Lei de Contratos do Sector Público 30/2007 de 30 de outubro.

6. A execución da obra realizaráse a risco e ventura do contratista e éste non terá dereito a indemnización por causa de perdas, averías ou perxucios ocasionados nas obras, senon en casos de forza maior, regulados no art. 214 da LCSP.

Tendo en conta o prazo de execución previsto, non se aplicará revisión de precios en concepto algún.

7. O contratista deberá levar ó día e conservar na Oficina correspondente un "Libro de Órdenes e Asistencias" ata a recepción definitiva das obras, de acordo co establecido no Decreto 462/71, de 11 de Maio, e facilitar á Administración os datos necesarios para o "Libro de Incidencias da Obra", cando así o decida aquela.

8. En ningún caso o Director da obra nin o contratista poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no Proxecto sen a debida autorización previa do órgano de contratación.

X.- RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN DA OBRA.

A recepción e liquidación da obra regularáse de acordo co disposto na LCSP 30/2007 de 30 de outubro, e nas demais disposicións aplicables.

XI.- DEREITOS E DEBERES.

1. Os dereitos e deberes que recíprocamente corresponden á Administración Municipal e ó contratista son os naturalmente derivados do obxeto e causa do contrato con arreglo ó presente Prego de Condicións e demais documentos contractuais, e á lexislación aplicable expresada na cláusula II.

2. O adxudicatario estará obrigado a cumprir o disposto na lexislación laboral en todos os seus aspectos, así como os preceptos legais sobre Seguridade Social e obrigacións tributarias vixentes en cada momento.

En todo caso, será da exclusiva responsabilidade do adxudicatario o cumprimento das Ordenanzas e demais disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo, quedando exento o Concello de toda responsabilidade por calquera incumprimentos o controversias que durante a vixencia do contrato puideran surxir.

3. En aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de obra, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo, nos términos establecidos no art. 7 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro. Dito Plan deberá ser presentado polo contratista, en triplicado exemplar, no prazo de dez días hábiles desde a data de formalización do contrato. O Plan, co informe do Arquitecto Técnico Municipal, elevaráse para a súa aprobación á Alcaldía-Presidencia. Unha vez aprobado, efectuaráse o oportuno aviso previo á autoridade laboral, sen o cal non poderá darse comezo ós traballos.

4. O adxudicatario deberá ter contratada ó tempo de comezar a execución da obra e manter durante a duración da mesma unha póliza de seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros cunha compañía aseguradora legalmente constituída, e notificar ó Concello dita contratación.

5. o Concello reservase a facultade de esixir, en calquera momento, xustificación documental respecto das súas obrigas laborais, sobre Seguridade Social, tributarias, sobre seguridade e hixiene, sobre a póliza de seguro antedita ou respecto dos demais extremos contidos nos apartados anteriores.

XII.- RESPONSABILIDADES E SANCIÓN.

1. O adxudicatario queda obrigado ó cumprimento estrito dos prazos deste Prego. O incumprimento do prazo de execución da obras por causa imputable ó contratista suporá as penalidades establecidas no art. 196 da LCSP 30/2007, de 30 de outubro. Para os casos de resolución por demora e prórroga do contrato, estarase ó disposto no art. 197 do mesmo texto legal.

2. Cando se observen deficiencias na construción ou nos materiais empregados, ou calquera outro suposto de inadecuado cumprimento das súas obrigas por parte do contratista, tal como non seguir as observacións ou ordes recibidas do Director de obra ou dos Técnicos Municipais, o Concello poderá esixir ó contratista a subsanación de ditos defectos, ou ben acordar a resolución do contrato.

3. A imposición de sancións administrativas distintas ás penalidades por incumprimento do prazo contractual corresponde ó órgano de contratación, conforme ó procedemento descrito no R.D. 1398/93.

4. As multas que puidieran impoñerse ó contratista serán efectivas sobre a garantía definitiva, que, logo, dentro do prazo que sinala o órgano competente, haberá de completarse ata a cantidade inicial. Se o contratista non cumprira esta obriga, o órgano de contratación poderá resolver o contrato, cos efectos previstos no artigo 208 da LCSP.

Se a garantía prestada resulta insuficiente para facer efectivas as responsabilidades do contratista procederáse contra os demais bens do mesmo. En tal caso subsistirá igualmente a obriga de repoñer a garantía definitiva ata a contía inicial.

5. O adxudicatario será responsable de tódolos danos, perxuicios ou accidentes de toda índole que sexan causados a terceiros polo seu personal, pola súa maquinaria ou como consecuencia da realización dos traballos obxecto do contrato. Esta responsabilidade extinguiráse unha vez cumprido totalmente o prazo de garantía sinalado na cláusula VII.3 e, en consecuencia, unha vez recibida definitivamente a obra sen deficiencias nin reclamacións de terceiros.

As indemnizacións a que dera lugar sustanciaránse según o previsto no art. 198 da LCSP 30/2007, de 30 de outubro.

6. No caso de danos ou perxuicios causados polo adxudicatario ou por suministradores de aquel a bens públicos ou privados, fixarase contradictoriamente entre a Dirección facultativa e o contratista un prazo para a subsanación destes perxuicios. Se o adxudicatario non efectuara as reparacións oportunas no prazo fixado, o Concello queda facultado para facelas executar inmediatamente por terceiros ou polo seu propio personal, a costa do contratista e con cargo ás certificacións pendentes de pago e, en calquera caso, sempre poderá reintegrarse o seu importe polos demais medios legalmente establecidos.

XIII.- PENALIDADES.

Imporanse penalidades ó contratista cando incurra en algunha das causas previstas a continuación:

a) Por cumprimento defectuoso.

- Se, no momento da recepción, as obras non están en estado de ser recibidas por causas imputables ó contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no que poderán alcanzar ata un 5% o ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumprir criterios de adxudicación.:

- Se, durante a execución do contrato ou no momento da súa recepción, apréciase que, por causas imputables ó contratista, incumpliuse algún ou algúns dos compromisos asumidos na oferta.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultara outra oferta distinta como a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será de un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no que poderán alcanzar ata un 5% o ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

c) Por demora. Cando o contratista, por causas que imputables ó mesmo, incurra en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, as penalidades indicadas no artigo 196.4 da Lei de Contratos do Sector Público serán substituídas polas seguintes:

REDUCCION (% sobre o prazo de execución) Penalidades.

Ata un 5%, 0,50 por cada 1000€

Ata un 10%, 0,55 por cada 1000€

Ata un 15%,	0,60 por cada 1000€
Ata un 20%,	0,65 por cada 1000€
Ata un 25%,	0,70 por cada 1000€
Ata un 30%,	0,75 por cada 1000€
Ata un 35%,	0,80 por cada 1000€
Ata un 40%,	0,85 por cada 1000€
Ata un 45%,	0,90 por cada 1000€
Ata un 50%,	0,95 por cada 1000€
Ata un 55% o más,	1 por cada 1000€

En atención ó especial compromiso que supoña a oferta de diminución do prazo

XIV.- GASTOS DO CONTRATO.

Unha vez acordada a adxudicación, serán de conta do contratista tódolos gastos e impostos que teñan relación co expediente desta contratación desde a súa iniciación ata a formalización do contrato inclusive.

O Concello queda facultado para abonar os anteriores gastos por conta do adxudicatario e reintegrarse de eles, se fora preciso, con cargo ás garantías constituídas.

XV.- FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O procedemento de adxudicación deste contrato é o procedemento aberto por valoración de varios criterios de adxudicación para seleccionar a oferta economicamente máis ventaxosa, e mediante trámite de urxencia.

XVI.- BASES DA LICITACIÓN.

1. Licitadores.

Por tratarse dun procedemento aberto a adxudicación recaerá sobre o licitador que teña presentado a oferta máis ventaxosa para a administración municipal, por aplicación dos criterios de valoración máis abaixo determinados.

2. Presentación de proposicións.

2.1. O prazo para a presentación de proposicións será de **TRECE DÍAS NATURAIS** contados desde o seguinte a aquél en que salga publicado o último anuncio de licitación

2.2. Os licitadores presentarán na Secretaría Municipal os dous sobres pechados que abaixo se detallan dentro do prazo antes sinalado, de luns a sábado de nove a trece horas.

2.3. Tamén poderase levar a cabo a presentación de proposicións por correo certificado, en cuo caso o envío axustarase ó establecido no artigo 80 do RGLCAP.

3. Contido das proposicións.

3.1. As proposicións constarán de dous sobres, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, en cada un dos cales farase constar claramente o nome do licitador e a inscrición que se detalla a continuación:

Contratación da obra de "Acceso ós núcleos de Dorna e ramal, Vila de Abaixo e outros, PPC 2009".

3.2. Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais, non admitíndose fotocopias, a no ser que as mesmas estén debidamente dilixenciadas, dándose fe de ter sido compulsadas cos seus orixinais.

3.3. Sobre "A". Título: "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA". O contido do sobre "A" será o seguinte:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil uo no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditaráse pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos términos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios extranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuio ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen suscriban a proposición xunto con unha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade dos apoderados.

3º) Documento de compromiso de constituir unha Unión Temporal de Empresas: Nos casos en que varios empresarios concurren agrupados en unión temporal aportarán ademáis un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituila. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel se expresará a persoa a quen designan representante da UTE ante a Administración para todos os efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles corresponda na UTE.

4º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluírá a manifestación de estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxucio de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuio favor vaia a efectuarse ésta.

5º) Clasificación: Dacordo co previsto no artigo 54 de lei 30/07 de Contratos, ó non superar os 350.000,00 € de orzamento de licitación, tratándose dun contrato de obra non se esixe clasificación.

6º) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

O non ser esixible clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da lei 30/07 de Contratos e a solvencia técnica por calquera dos medios a que se refire o art. 65 da lei 30/07 de Contratos.

7º) Documentación adicional esixida a tódalas empresas extranxeiras. As empresas extranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orden, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó fuero xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

8) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

9º) Empresas que teñan en plantilla persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán aportar os documentos que acrediten que, ó tempo de presentar a súa proposición, ten en plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refere a disposición adicional 6º da Lei 30/2007.

10º) Rexistro de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia.

As empresas que estén dadas de alta no Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (regulado por Regulamento de Contratos aprobado por R.D. 817/2009 de 8 de Maio) ou no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia , estarán eximidos de presentar a documentación prevista nos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6. Con tal fin, deberán presentar certificado expedido polo órgano competente (Ministerio de Economía y Hacienda ou da Xunta de Galicia) acreditativo de estar dados de alta no mencionado rexistro, onde figure o número de rexistro e a clasificación do contratista, ou, de non contar con clasificación, os datos relativos á solvencia económica e financeira. **A data de expedición do documento non poderá ser anterior a 6 meses antes do día de inicio do prazo de licitación.** Nos casos nos que se achegue a citada certificación de inscrición no rexistro, deberá presentarse xunto a esta, copia do D.N.I ou Pasaporte da persoa que represente á empresa e con capacidade suficiente para asinar o correspondente contrato.

Igualmente, en aplicación do disposto no artigo 130.3 da Lei 30/07 de Contratos do Sector Público, o contratista que aporte certificación do Rexistro de Contratistas, acompañará unha declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflexadas no correspondente certificado non experimentaron variación.

En todo caso, o Concello de Cotobade, resérvase o dereito de comprobar se no momento de apertura do sobre A, a empresa se atopa inscrita no Rexistro de Contratistas, e en caso de que non o esté, se lle instará para que subsane o defecto, presentando a documentación esixida nos puntos 1, 2, 3, 4, 5 e 6. A tales efectos, se lle concederá un prazo de subsanación que en ningún caso poderá ser superior aos 3 días naturais.

3.4. Sobre "B". Título: "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS DIFERENTES Ó PRECIO".

3.4.1. O sobre "B" conterá o seguinte:

- a) Proposición ou oferta económica que realice o licitador, conforme ó modelo recollido no ANEXO I deste Prego.
- b) Programa de traballo co seguinte contido:

- Prazos de execución parciais e total;
- Gráficos das diversas actividades ou traballos.
- c) Oferta de prazo de garantía.
- d) Oferta de melloras ó proxecto a executar, valoradas en diñeiro (con desglose de presuposto de execución material e I.V.A.).

3.4.2. Non se aceptarán aquelas proposicións que conteñan omisións, erros, tachaduras ou outros defectos que impidan coñecer con claridade o que a Mesa de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

3.4.3. Non se poderá presentar máis dunha proposición por cada licitador. Tampouco poderán presentar os licitadores unha proposición en unión temporal con outra ou outras empresas se están presentados individualmente. O incumprimento desta norma producirá a desestimación de todas as proposicións presentadas polo licitador causante de aquela.

3.4.4. Non se valorará, por entender que non constitúen melloras do proxecto, a oferta de realización de máis unidades de obra diferentes das incluídas en proxecto.

4. Mesa de contratación: A Mesa de Contratación é o órgano competente para a valoración das proposicións e estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde-Presidente ou membro da Corporación en quen delegue.

Vocales: - A Interventora Xeral da Corporación.

- O Arquitecto Técnico Municipal.

- A Secretaria Xeral da Corporación.

- Un concelleiro do grupo municipal do BNG.

- Un concelleiro do grupo municipal do PP.

Secretario: un funcionario da Corporación.

5. Apertura de plicas e examen de ofertas.

5.1. O 5º día seguinte hábil ó de finalización do prazo de presentación das proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura do sobre "A" e á calificación dos documentos presentados en tempo e forma, con arreglo ó disposto nos artigos 81 e 82 do RGLCAP.

O Secretario da Mesa certificará a relación de documentos que figuren en cada plica, comprobando a Mesa que cada licitador presenta a totalidade dos documentos esixidos no punto 3.3 da presente cláusula.

Se a Mesa observare defectos materiais na documentación presentada poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador subsane o erro.

5.2. A apertura do sobre "B" terá lugar na Casa Consistorial ante a Mesa de Contratación, en acto público, inmediatamente despois da apertura do sobre A, de estar toda a documentación dos licitadores correcta, ou ben, tras convocatoria expresa de nova sesión da mesa, de concederse prazos de subsanación de deficiencias detectadas.

A Mesa de Contratación elevará ó órgano de contratación, previos os informes que estime oportunos, proposta de adxudicación provisional do contrato ó empresario que teña presentado a oferta economicamente máis ventaxosa.

5.3. No caso de que os días sinalados para a apertura de plicas coincidiesen en sábado, dito acto trasladarase ó luns seguinte e, no caso de ser festivo, trasladarase ó inmediato día hábil seguinte. No caso de que se reciba anuncio comunicando a presentación dunha proposición por correo, de conformidade co art. 80 do RGLCAP, a Mesa posporá a apertura de ambos sobres, comunicándoo ós licitadores polo medio máis rápido posible.

6. Criterios de valoración das ofertas.

De conformidade co previsto nos arts. 134 e 136 da Lei 30/2007, a selección do contratista efectuaráse por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, en función das seguintes circunstancias expresadas coa importancia porcentual que se atribúa no mesmo:

a) Precio ofertado: máximo 20 puntos:

Outorgarase a máxima puntuación (20 puntos) á empresa que oferte o precio máis baixo e as restantes puntuacións distribuiránse proporcionalmente dacordo coa seguinte fórmula:

$$PL = (XM \times 20) / XL$$

Sendo:

PL: puntuación outorgada ó licitador.

XL: precio que oferta o licitador.

XM: mellor precio ofertado.

b) Prazo previsto de execución: máximo 20 puntos:

Outorgarase a máxima puntuación (20 puntos) á empresa que oferte un prazo de execución máis reducido e as restantes puntuacións distribuiránse proporcionalmente con arreglo á seguinte fórmula:

$$PL = (XM \times 10) / XL$$

Siendo:

PL: puntuación outorgada ó licitador.

XL: prazo que oferta o licitador.

XM: mellor prazo ofertado.

d) Prazo de garantía (por encima do ano de garantía mínimo establecido por lei): máximo 20 puntos:

Outorgarase a máxima puntuación (20 puntos) á empresa que oferte un prazo de garantía máis alto (tendo en conta que o mínimo legal está establecido nun ano) e as restantes puntuacións distribuiránse proporcionalmente con arreglo á seguinte fórmula:

$$PL = (XL \times 20) / XM$$

Siendo:

PL: puntuación outorgada ó licitador.

XL: prazo de garantía que oferta o licitador.

XM: mellor prazo de garantía ofertado.

e) Melloras ofertadas sobre proxecto: máximo 30 puntos:

Outorgarase a máxima puntuación á empresa que comprometa realización de melloras sobre as unidades de obra do proxecto orixinal en maior importe, calculando as restantes puntuacións de acordo coa seguinte fórmula:

$$PL = (XL \times 30) / XM$$

Sendo:

PL: puntuación otorgada ó licitador.

XL: importe total das melloras ofertadas (excluido o I.V.E.) polo licitador.

XM: Importe máximo ofertado en melloras da totalidade de licitadores.

En todo caso, as ofertas presentadas remitiránse ó autor do proxecto, designado director da obra, co fin de que emita informe de valoración das plicas co fin de que a Mesa de contratación esté suficientemente asesorada.

7. Criterios para a consideración de que a oferta conten valores anormais ou desproporcionados.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes emitidos ó respecto polos técnicos municipais.

Antes da emisión do indicado informe, cando a mesa considere que unha oferta pode estar incurso en temeridade, solicitaráse da empresa ofertante a xustificación, nos términos sinalados no artigo 136.3 LCSP, da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles.

Respecto ó precio, considerarase que existe desproporción atendendo ó disposto no artigo 85 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, (Regulamento Xeral da Lei de Contratos).

Nos demais supostos, para determinar o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, atenderase especialmente á posibilidade técnica de execución das melloras ofertadas coa financiación de que se dispón ou oferta, acudindo ós cálculos de costes (de personal e materiais) tradicionais no mercado e as explicacións do licitador incurso na presunción.

O órgano de contratación declarará que a oferta no poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, á vista da explicación do licitador e do informe técnico cando o importe das melloras sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio coa execución do contrato. A efectos de valoración, o órgano de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada. As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación. Será igualmente de aplicación o sinalado no artigo 86 do RD 1098/2001 respecto da valoración de ofertas de empresas pertencentes a un mesmo grupo.

8. Adxudicación do contrato.

8.1. De conformidade co disposto no art. 135 da Lei 30/2007 a Administración terá a facultade de adxudicar provisionalmente ó contrato á oferta economicamente máis ventaxosa, de acordo cos criterios sinalados no punto anterior, ou declarar deserta a licitación cando ningunha oferta ou proposición sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente prego ou ben o órgano de contratación presume fundadamente que a proposición non poda ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

8.2. A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 da LCSP en canto á información que debe facilitarse a aqueles aínda que o prazo para a súa remisión será de cinco días hábiles.

8.3. A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcurran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela no Boletín Oficial da Provincia, e sempre que o contratista adxudicatario provisional teña presentado a seguinte documentación:

- A documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios comprometidos a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 53.2 da LCSP 30/2007 que lle reclame o órgano de contratación. Os correspondentes certificados poderán ser

expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos e deberán ser presentados en dito prazo ante o órgano de contratación.

- Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

8.4- Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ó licitador adxudicatario provisional por non cumprir éste as condicións necesarias para elo, antes de proceder a unha nova convocatoria a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ó licitador ou licitadores seguintes a aquél, pola orde en que estén clasificadas as súas ofertas, sempre que non fora posible e que o novo adxudicatario esté conforme; en tal caso concederáse un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado no segundo párrafo do apartado anterior.

Este mesmo procedemento poderá seguirse no caso de contratos non suxeitos a regulación armonizada, cando se trate de continuar a execución dun contrato xa iniciado e que teña sido declarado resolto.

8.5. No caso de ser adxudicada a licitación a unha unión de empresarios, deberán éstas acreditar a constitución da mesma ante o órgano de contratación mediante documento público no que expresen as circunstancias contempladas no artigo 48 da Lei de Contratos e 24 do RGLCAP en cuanto non se opoña ó anterior.

9 - Formalización do contrato

O adxudicatario queda obrigado a suscribir dentro do prazo de 10 días a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, que se axustará en todo caso ó contido do presente Prego, cuíñas cláusulas se considerarán parte integrante do contrato, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo o seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

En virtude da adxudicación definitiva o adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios da formalización e cumprimento do contrato, incluso dos honorarios do Notario autorizante, no seu caso, e de todo xénero de tributos estatais, autonómicos ou locais.

Cando por causas imputables o contratista non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso se constituíra, sendo de aplicación o previsto no art. 195.3 a) da LCSP 30/2007 en cuanto á intervención do Consello de Estado ou órgano autonómico equivalente nos casos en que se formule oposición polo contratista.

Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizará ó contratista dos danos e perxucios que a demora lle ocasionara, con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato ó amparo da letra d) do artigo 206.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos nos artigos 96 e 97 da LCSP 30/2007.

XVII.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO, CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN.

Para a modificación do presente contrato se estará ó disposto nos arts. 202 e 217 da lei 30/07, non tendo validez nin efecto ningún para esta Administración, calquera alteración que non reúna os requisitos sinalados en dito artigo.

Igualmente, en materia de cesión do contrato e de subcontratación estarase ó disposto nos artigos 209 e 210 da Lei 30/07 de Contratos.

XVIII.-CAUSAS E EFECTOS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Serán as establecidas nos artigos 196 e 197, 206 a 208 da LCSP 30/2007 de 30 de outubro. Asimesmo, en aplicación do previsto no artigo 206 h) da LCSP, de acordo co cal serán causas de resolución as establecidas expresamente no contrato.

En Cotobade, a 31 de agosto de 2009.

O Alcalde

Asdo. Manoel Loureiro Adán

ANEXO I

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Nº	Concepto	Denominación
1	Proxecto	Acceso ós núcleos de Dorna e ramal, Vila de Abaixo e outros. PPC 2009
2	Orzamento	Valor estimado: 82.284,68 € 16 % I.V.A.:13.165,55 € TOTAL: 95.450,23 €
3	Aplicación Orzamentaria	511 611
4	Prazo de execución	4 meses a partir da acta de comprobación replanteo
5	Clasificación contratista	Non se esixe
6	Lugar de presentación de ofertas	Rexistro Xeral da Casa do Concello de Cotobade (Pontevedra). Chan nº 11, Carballedo, Cotobade c.p: 36856.
7	Prazo de presentación de proposicións	13 días naturais a contar desde o día seguinte ao último dos anuncios publicados no BOP e DOG.
8	Horario de rexistro de entrada de documentos	De 9.00 a 13.00 horas de luns a sábados.
9	Garantía provisional	Non se esixe
10	Garantía definitiva	5 % do precio de adjudicación (excl I.V.E)
11	Taxas do Contrato	Anuncios de licitación no BOP e DOG.
12	Revisión de prezos	Non procede
13	Importe máximo dos gastos de publicidade de licitación a conta do contratista (provisional).	Diarios Oficiais: B.O.P tarifa ordinaria.(dependendo da lonxitude do anuncio medido por parágrafos). D.O.G: tarifa urxente.
14	Outros datos:	Información teléfono: 986.760001 Fax: 986760130 Obtención de copias: Copistería Bomar Pontevedra. C/ Frei Juan de Navarrete nº 6. 36001 Pontevedra.

ANEXO II

(Modelo ó que deberá axustarse a oferta económica, sobre "B")

D., vecino de,
provincia de, con domicilio en,
calle, nº, con D.N.I. nº, en nome propio (o en
representación de, como acredito mediante),
enterado da publicación de convocatoria para a licitación da seguinte obra: "**Acceso ós
núcleos de Dorna e ramal, Vila de Abaixo e outros, PPC 2009**" estima que se atopa en
condicións de acudir como licitador á mesma.

A tal efecto, e baixo a súa responsabilidade, manifesta:

1º) Que acepta en todo o seu contido o Prego de Condicións Económico-Administrativas aprobado polo concello de Cotobade para regular a presente contratación.

2º) Que se compromete (en nome propio ou da Empresa que representa) a executar a obra de que se trata con estricta suxeición ó mencionado Prego polo precio de:

.....euros (letra e número), desglosado do seguinte modo:

a)euros (letra e número) de valor estimado pola realización da obra.

b).....euros (letra e número) de I.V.E que debe soportar a Administración que se axusta ó disposto na cláusula IV.3 do referido Prego de Condicións.

Data e sinatura

DILIXENCIA: *Póñoa, eu Secretaria para facer constar que o presente prego, que consta de 16 páxinas rubricadas e seladas, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data 08.07.09, de convocatoria da licitación que regula.*

En Cotobade, a 31 de agosto de 2009.

*A Secretaria
Asdo. María Cabodevila Ros*

